



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Alcongal Soop, Aserpal, S.A, Álvaro Martínez Parga, Grupo Lual Automoción, S.L, Plataformas Norte, S.L.U, Integral Motion, S.L, Manuel Rey Automóviles, S.A, Agrelo Móvil, S.L, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou o 11 de xuño de 2021 coas empresas Teixeiro Automoción, S.L, Manuel Gómez Cancelo, Talleres Tameca, Maquinaria Agrícola Romay, S.L, Agrícola Castelao, S.L, Agrícola Curtis, S.L, Agrobarreiro, S.L, Durán Maquinaria Agrícola, S.L, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a adhesión das empresas Alcongal Soop, Aserpal, S.A, Álvaro Martínez Parga, Grupo Lual Automoción, S.L, Plataformas Norte, S.L.U, Integral Motion, S.L, Manuel Rey Automóviles, S.A, Agrelo Móvil, S.L, ao convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Teixeiro Automoción, S.L, Manuel Gómez Cancelo, Talleres Tameca, Maquinaria Agrícola Romay, S.L, Agrícola Castelao, S.L, Agrícola Curtis, S.L, Agrobarreiro, S.L, Durán Maquinaria Agrícola, S.L, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas, asinado anteriormetne. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no IES de Curtis.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

As empresas Alcongal Soop, Aserpal, S.A, Álvaro Martínez Parga, Grupo Lual Automoción, S.L, Plataformas Norte, S.L.U, Integral Motion, S.L, Manuel Rey Automóviles, S.A, Agrelo Móvil, S.L, están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de





novembro, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa/s empresa/s e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 32/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Automoción.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior en Automoción.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.





E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

